

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de maio de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día doce de maio de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(425).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de abril de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(426).- SEGUNDA RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTA ACORDO XGL DE DENEGACIÓN DE AXUDA ECONÓMICA CON CARGO AO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016». EXPTE. 119777/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/04/17, dáse conta do informe-proposta do 24/04/17, asinado polo asesor xurídico adxunto ao Servizo de Benestar Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2016, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 119777/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2016 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=1776&lang=ga> e no BOP de Pontevedra nº 87 do 6 maio de 2016. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 94, do 18.05.2016 e que finalizou o 15.06.2016, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.996 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 21.10.2016 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.890 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 160.063.733 e remata co nº 160.083.963), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016». O gasto total (1.549.954,45 €) imputarase á apli-

cación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.106 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 160.063.858 e remata co nº 160.104.542) por incumplir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propúxose inicialmente á XGL estimar un total de 10, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria; o que así fixo o órgano resolutorio na súa sesión do 30.03.2017. O gasto por este concepto foi de 7.058,65 €, financiable con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02 (exercicio 2017).

I.9. Con todo, posteriormente e logo do exame máis polo miúdo dos 127 recursos restantes, inicialmente considerados como susceptibles de desestimación, comprobouse que dous (2) deles sí debían ser estimados. Son, en concreto, os referidos ós expedientes núms. 123434/301 e 124672/301; recursos que agora se propón estimar expresamente polos motivos que en cada caso se indican.

I.10. Na súa sesión ordinaria do 06.04.2017 a Xunta de Goberno Local desestimou xa expresamente 125 recursos de reposición presentados contra o Acordo da XGL do 21.10.2016 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016» que figuraban no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresaron en cada caso (Base 7ª pto. 1, Apdo. 5; Bases 9ª, 11ª e ccdtes.). O Anexo comeza co recorrente nº 1, con DNI/NIE/Pasaporte nº 36.052.673-N (Doc. nº 160146946; Exp. nº 124740/301) e remata co nº 125, con DNI/NIE/Pasaporte nº 32.809.582-J (Doc. nº 160151765; Exp. nº 122987/301).

I.11. As dúas (2) axudas que se propón conceder nesta 2ª Resolución son de 804,15€ e 714,80€, respectivamente, o que fai un total de 1.518,95€; gasto financiable con cargo a aquela mesma aplicación dos orzamentos municipais de 2017.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministrados e alimentación – 2016 (Concello de Vigo; XGL 22.04.2016; BOP nº 87, do 06.05.2016).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os dous recursos potestativos de reposición presentados obxecto deste informe-proposta diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 21.10.2016, desestimatorios das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes.

Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptárase pola Admón. sen vinculación ningunha ó sentido do silencio (Art. 21.3.b] LPACAP).

III.5. Examinados os respectivos recursos e revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle ós solicitantes que a seguir se relacionan o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016» unha axuda polo importe indicado para cada un de eles.

AEFAS 2016 RECURSOS ESTIMADOS (2ª Resol.)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	DATA REC. DOC. Nº	ENDEREZO NO- TIFICACIÓN	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDI- DA
1	36.110.121-Y	123434/301	04/11/2016 160149506	Teixugueiras nº16- 5ºC 36212 Vigo	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar de acordo coa documentación achegada co recurso (pensións).	9	804,15€
2	36.000.312-E	124672/301	23/11/2016 160159146	Marín nº15- 10ºesq. 36209 Vigo	Aplicación da deducción procedente por gastos de vivenda (hipoteca).	8	714,80€
							TOTAL: 1.518,95€

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes que a continuación se relacionan contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.10.2016 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA

GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 (exercicio de 2017).

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	DATA REC. DOC. Nº	ENDEREZO NOTI- FICACIÓN	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDI- DA
1	36.110.121-Y	123434/30 1	04/11/2016 160149506	Teixugueiras nº16- 5ºC 36212 Vigo	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar de acordo coa documentación achegada co recurso (pensións).	9	804,15€
2	36.000.312-E	124672/30 1	23/11/2016 160159146	Marín nº15-10ºesq. 36209 Vigo	Aplicación da deducción procedente por gastos de vivenda (hipoteca).	8	714,80€
							TOTAL: 1.518,95€

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(427).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019” EXPTE. 6628/104.

Dáse conta da proposta de data 05/05/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	84,70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.065,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(428).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ (FASE II). EXPTE. 4095/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/04/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,15
2	EXTRACO, S.A.	92,62
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,31
4	ORECO, S.A.	91,09
5	MISTURAS, S.A.	91,04
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440) por un prezo total de 755.780,52 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 131.168,52 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(429).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 378/17 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS EN RELACIÓN CO RECURSO PRESENTADO POR APARCAMIENTOS SABA S.A. CONTRA ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO “SERVIZO PÚBLICO DO APARCAMENTO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL”. EXPTE. 429/449.

Dáse conta da proposta de data 8/05/17, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 378/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 211/2017, interposto por D. Miguel Angel Rodríguez Presumido, en nome e representación de APARCAMIENTOS SABA, S.A., contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da concesión de “servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal”, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 23 de febreiro de 2017. Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Desestimar o recurso interposto por D. Miguel Angel Rodríguez Presumido, en nome e representación de APARCAMIENTOS SABA, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno do concello de Vigo polo que se adxudica o “servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal”.

Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento de contratación según o establecido no artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da Resolución nº 378/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC) de conformidade coa precedente proposta.

6(430).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA ESTRUTURA E PAVIMENTO DO PAVILLÓN DO MONTE DA MINA-CASTRELOS. EXPTE. 15922/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/04/17 e informe de fiscalización do 05/05/17, dáse conta do informe-proposta do 27/04/17, asinado polo director deportivo-xefe Ud. técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9/03/2017, aprobou o expte. 15796-333 "Proxecto de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina-Castrelos", o cal foi redactado redactado en decembro de 2016 polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago do estudio Arquitectura Zaballa y Carballas SPL.

Para a execución destas obras procedeuse de acordo coa orde de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 14/03/2017, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de marzo de 2017 de aprobación do proxectos de reforma da estrutura e pavimento do pavillón municipal Monte da Mina – Castrelos redactado en decembro de 2016 polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago do estudio Arquitectura Zaballa y Carballas SPL. Expte. 15796-333.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva o 14 de marzo de 2017.
- Resolución de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Deportes o 14 de marzo de 2017
- Acta de replanteo asinada polos arquitectos redactores do proxecto de data de 12 de marzo de 2017.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva e o Concelleiro Delegado de Deportes o 23 de marzo de 2017.
- Informe da Técnica de Administración Xeral so Servizo de Contratación asinado na data de 5 de baril de 2017 sobre comprobación da documentación legalmente esixida para a tramitación do expediente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 25 de abril de 2017.
- Informe xurídico sobre o PCAP, emitido pola Asesoría Xurídica con data 25 de abril de 2017, asinada pola xefa de Asesoramento e a Titular da dita Asesoría.

II.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto:

- Expte. 15796-333 "Proxecto de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina-Castrelos".

O obxecto desta actuación contempla a execución das obras OBRAS DE REFORMA DA ESTRUCTURA E PAVIMENTO NO PAVILLÓN DO MONTE DA MINA-CASTRELOS. Este proxecto, ten por obxecto a mellora de aspectos esenciais desa instalación, tales como obras de reforma da estrutura da pista, colocación dun novo pavimento e outras pequenas actuacións de acabado interior e exterior, o que implicará unha mellora funcional dos servizos que poda ofrecer a instalación e unha maior utilización e rendabilización dos recursos públicos.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestas ditas instalacións, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente relativo á obra:

- Expte. 15796-333 “Proxecto de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina-Castrelos”, aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 9/03/2017, que se incorpora ao presente expediente, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

2.- Procedemento de adxudicación /forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de máis xustificación.

3.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado en base ó proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de marzo de 2017, previo informe técnico e informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos. Este proxecto foi presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323) e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, no cal figura o orzamento básico de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas o proxecto, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS (259.182 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (44.982,00 €).

O valor estimado do contrato estipulase en (257.040,00 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establécese en DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS (259.182 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (44.982,00 €). Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.03 “Investimento de mellora do pavillón do Monte da Mina”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente.a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda en primeiro lugar sobre a previsión de crédito na anualidade do ano 2017.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

3.2.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.-

En relación coa memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vicunladas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Deportes en relación a competencia municipal para o mantemento dos espazos deportivos de titularidade municipal, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo de necesidade asinado polo Director Deportivo Xefe da unidade técnica de data 14/03/2017.

4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato, establece a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia:

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato se dará mas preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Polo cal establececese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 20 % de puntos a criterios avaliados por xuízo de valor, e un 80 % a criterios avaliados a través de formula.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas a través dos criterios por xuízo de valor, e de acordo co punto 4. do artigo 150 do TRLCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

4.1.- CRITERIOS AVALIADOS MEDIANTE XUIZO DE VALOR.

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 20 puntos que serán distribuídos nos seguintes apartados:

4.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

a.- Xustificación do criterio. O obxecto da valoración desta “*Memoria dos criterios de execución técnica da obra*” debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do proxecto de obras a licitar e a súa documentación, presenta o licitador no marco da proposición técnica.

O contido da memoria dos criterios de execución técnica da obra, proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da prestación proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. Neste sentido a memoria que demostre un maior grado de coñecemento do proxecto da obra, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da execución da obra, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada coincide coa realidade e necesidades para executar o proxecto que se licita.

b.- Valoración do criterio. Atendendo a necesidade de valoración do grado de coñecemento do proxecto da obra, así como dos procesos derivados da execución da mesma por parte do licitador, procederase a valoración, ata un máximo de QUINCE (15) puntos.

1.- A análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar. Se valorará con **ata 5 puntos**. Deberá contemplar os seguintes contidos:

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto.
- Descrición das actividades importantes da execución da obra.
- Condicionantes definidos no proxecto.
- A determinación do grado de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

2.- O análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto, e a súa explicación gráfica. Se valorará con **ata 5 puntos**. Deberán describirse os seguintes contidos:

- O estudo das afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, e usos específicos do entorno de actuación).

- As medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno (campamento de obra e fases de obra).
- As medidas e propostas que permitan a compatibilidade da execución da obra co desenvolvemento de actividades no resto do edificio.

3.- A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos. Se valorará con **ata 5 puntos**. Deberá contemplar os seguintes contidos:

- A planificación da obra en relación á determinación dos medios necesarios para a execución da mesma con expresión dos seus rendementos, tales como os medios humanos, os medios materiais e instalacións.
- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos con indicación de folguras e camiños críticos.

Para estes tres apartados o licitador deberá adxuntar información gráfica adecuada á peculiaridade da obra.

c.- Criterios para a presentación da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 50 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 10 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC).

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, nº de follas máximas descritas ou arquivo único, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao criterio.

4.1.2.- Plan de control de calidade.

a.- Xustificación do criterio. No proxecto o proxectista recolle un apartado xeral sobre os ensaios. No mesmo especificase a execución de propostas estandarizadas e axustadas a valores básicos, polo que tendo en conta que un dos obxectivos da execución das obras é garantir a execución das mesmas co maior nivel de calidade posible, entendese que procede a determinación deste apartado na búsqueda da mellora da execución da obra e considerase axustado ao ámbito dos aspectos no artigo 150 do TRLCSP, no cal determinase que a calidade é un dos criterios directamente relacionados co obxecto do contrato.

Polo exposto este apartado busca poder valorar os aspectos da calidade dos medios ofertados polo licitador para garantir un maior nivel na execución da obra, para o cal por un lado, propónse avaliar os procesos propios da estrutura técnica da empresa licitadora nos procesos de auto control interno, en relación con todos os procesos técnicos e administrativos directamente vinculados a execución da obra; e por outro lado, tamén

pretendese avaliar que un maior grado de coñecemento do proxecto, levará implícito unha mellora directa no grado de esixencia nos procesos de control de calidade da obra a executar.

b.- Valoración do criterio. Para a cualificación deste apartado, procederá a valoración ata un máximo de **TRES (3) puntos** a achega dunha Memoria sobre o plan de calidade, que o licitador propoña para a execución da obra.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto. Se valorará con **ata 2 puntos**. Dita memoria deberá incluír os seguintes contidos:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.
- Un plan específico de ensaios control de calidade a maiores do contemplado no proxecto no cal se recolla a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.

Todas estas actuacións deberán ter unha incidencia directa co obxecto da obra.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa. Se valorará con **ata 1 punto**. A memoria deberá incluír os seguintes contidos:

- Unha descrición analítica e detallada do plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.
- Descrición da organización dedicada ao control de calidade.

Para estes dous apartados o licitador deberá axuntar información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade da obra.

c.- Criterios para a presentación da Memoria sobre o plan de calidade da obra. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, caratulas, gráficos, e demais follas incorporadas), O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente ao Plan de Control de Calidade (PCC).

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, nº de follas máximas descritas ou arquivo único, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao criterio.

4.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais.

a.- Xustificación do criterio. A través deste criterio buscase mellorar as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución das obras obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas como a auga ou combustibles, a redución de emisións de elementos contaminantes, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado, etc. Polo que entendese que procede a determinación deste apartado na búsqueda da mellora da execución da obra, e considerase axustado ao ámbito dos aspectos no artigo 150 do TRLCSP, no cal determinase que estas medidas atópanse relacionadas directamente co obxecto do contrato.

b.- Valoración do criterio. Se valorará ate un máximo de **DOUS (2) puntos**. Dita memoria deberá incluír os seguintes apartados:

b.1.- Unha memoria descritiva que deberá contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético e as materias primas. Este apartado se valorará con **ata 1 punto**,

b.2.- Unha memoria descritiva das actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera e recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado. Este apartado se valorará con **ata 1 punto**,

Estas medidas deberán atoparse identificadas e adaptadas as peculiaridades propias desta obra.

Para este apartado o licitador deberá adxuntar información gráfica adecuada á peculiaridade da obra.

c.- Criterios para a presentación do Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais da obra. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas), O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ao Plan de Aforro Enerxético (PAE).

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, nº de follas máximas descritas, ou arquivo único, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao criterio.

4.2.- PROCEDIMENTO PARA A PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

A puntuación dos apartados (4.1) anteriores será outorgada seguindo os seguintes criterios:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada **apartado** ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle sobre os contidos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada **apartado** a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos gráficos esixidos en cada apartado.

3.- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos contidos esixidos en cada apartado con escaso desenvolvemento, ou no caso de que a súa xustificación non teña unha adecuación ao obxecto do apartado a avaliar. Os descontos previstos neste apartado serán acumulativos todos eles, incluído o indicado no apartado 2, tendo como resultado máximo o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define o presente expediente.

4.3.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

Polo exposto, os criterios elixidos para a avaliación mediante fórmula son:

4.3.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (75) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

4.3.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de CINCO (5) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establececese en 12 meses.

4.4.- OS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA VALORARÁNSE DO SEGUINTE XEITO:

4.4.1.- Para valorar as baixas en relación a oferta económica. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SETENTA (75) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 72 + 3 * \left(\frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 67 + 5 * \left(\frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 \cdot Be \leq Bi \leq 0,55Be$

$$Pe = 67 \cdot \left(\frac{Bi}{0,55 \cdot Be} \right)$$

Sendo:

Pe = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 75,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 152 do TRLCSP, expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

4.4.2.- Para a valoración do incremento do prazo de garantía. Valorarase **ata un máximo de CINCO (5) puntos**, a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establecese en 12 meses. Por cada semestre ofertado a maiores do mínimo establecido se lle outorgará 0,625 puntos.

5.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade

6.- Prazo de execución e prórrogas:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en catro meses, tal e como se indica no apartado 4 das FEC.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ó contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

7.- Prazo de garantía:

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

8.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato, se ben se contempla a posibilidade de acreditar a solvencia a través da seguinte clasificación:

- Lote 1: Grupo C- Subgrupo 6 - categoría 1.
- Lote 2: Grupo C, subgrupo 2, categoría 1.

9.- Subcontratación.

Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

10.-Prescripcións técnicas particulares.

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, terase en conta o Prego de prescripcións técnicas particulares incluído no proxecto de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9/03/2017.

11.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada (B_i), que cumpra as seguintes condicións:

11.1. Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da baixa ofertada -IVE excluído-) sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído), e se calculará para todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada, O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas, excluindo para este cálculo os valores das ofertas máis alta e máis baixa.

$$\sum_{i=1}^n B_i$$

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B'_m = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte, despois de excluír para este cálculo os valores das ofertas (B_i) máis alta e máis baixa:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$	
SI $\sigma' \leq 0,5$;	K=10,00
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=5,20
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,60
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,80
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=2,00
SI $\sigma' > 3$	K=1,80

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$ y $\leq 18\%$	
SI $\sigma' \leq 0,5$;	K=9,00
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=4,90
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,40
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,70
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=1,90
SI $\sigma' > 3$	K=1,70

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 18\%$	
SI $\sigma' \leq 0,5$;	K=8,00
SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=4,50
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,30
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,50
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=1,70
SI $\sigma' > 3$	K=1,50

δ' = desviación típica das (B_i) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de B_m , e para o cálculo de δ' , n será igual o número de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o cálculo de $B'm$.

11.2. Cando o número de ofertas sexa igual ou inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha B_i que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia" B_r , seno o valor $B_r = B_m$.

B_r = media aritmética das (B_i) ofertadas. B_i calcularase de acordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 5$ (puntos porcentuais expresado en %)

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

12.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Non se contemplan requerimentos mínimos.

13.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación cos seguintes criterios:

- 1.- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas definicións das estruturas, pavimentos. Así como as específicas das escaleiras de evacuación.
- 2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra, aparezan condicións técnicas específicas, distintas as recollidas no proxecto.
- 3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.
- 4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

14.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Porén, o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

15.- Seguro:

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

16.- Garantías provisionais, definitivas e complementarias:

Non se prevé garantía provisional, que non é obrigatorias, pero si unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación do contrato, sen IVE e tamén unha garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente (artigo 95 TRLCSP).

III.- Proposta:

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para o financiamento das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

- Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do “Proxecto de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina-Castrelos”.
- Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación, de data de 25/04/2017.
- Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS (259.182 €), sendo o importe correspondente o IVE o de COARENTA E CATRO MIL EUROS CON NOVECIENTOS OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (44.982,00 €), con cargo á partida 3420.632.00.03 “Investimento de mellora do pavillón do Monte da Mina”.
- Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(431).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 4ª EDICIÓN HOLI RUN O DOMINGO 14 DE MAIO DE 2017. EXPTE. 15747/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/05/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade técnica deportiva, polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.-Antecedentes:

A empresa A38 SERVICIOS PLENOS S.L., con CIF (B-86625464), solicitou o día 15-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160154272), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 4º EDICION HOLI RUN
- Data: 14 de abril de 2017
- Horario: 11.00h a 15.00h
- Desmontaxe: 8.00h a 16.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 14 de maio de 2017; a proba comezará ás 11.00h, no Parking de Samil fronte ao Bowling e percorrerá pola Avda de Samil, en dirección norte, ate chegar a praia do Tombo do Gato, onde farase un cambio de sentido para continuar pola mesma Avda de Samil onde rematará.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Montes, parques e xardíns
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A38 SERVICIOS PLENOS S.L., con CIF (B-86625464), a organizar o vindeiro domingo 14 de maio de 2017, a proba deportiva denominada **4º EDICION HOLI RUN** esta proba deportiva comezará ás 11.00h, no Parking de Samil fronte ao Bowling e percorrerá pola Avda de Samil, en dirección norte, ate chegar a praia do Tombo do Gato, onde farase un cambio de sentido para continuar pola mesma Avda de Samil onde rematará.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(432).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ EN BASE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017. EXPTE. 15982/333.

Visto o informe xurídico do 25/04/17 e informe de fiscalización do 02/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade técnica deportiva, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da SCD Atlántida Matamá polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a SCD Atlántida Matamá conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol Feminino na categoría Segunda División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Segunda División Nacional Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SCD Atlántida Matamá para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2017, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SCD Atlántida Matamá durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva SCD Atlántida Matamá para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Segunda División Nacional feminina na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00€. a favor da entidade SCD Atlántida Matamá co CIF: G-36620854 e enderezo social na rúa Canteiros, 53, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15983-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 15983/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, Don Cristian Gonzalez Martinez como presidente da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36620854 e enderezo social na rúa Canteiros 53 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15983-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade SCD Atlántida Matamá conta cun equipo de élite que participa na categoría Segunda División nacional Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte. A entidade SCD Atlántida Matamá desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2016/2017.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade. Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade SCD Atlántida Matamá impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*

- *A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.02 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€, a favor da entidade deportiva SCD Atlántida Matamá

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2016/2017.

VI.- Que a entidade SCD Atlántida Matamá non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15983-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade SCD Atlántida Matamá o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade SCD Atlántida Matamá comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2016/2017.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Colaborar coa entidade SCD Atlántida Matamá na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade S.C.D. Atlántida Matamá (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SCD Atlántida Matamá unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.02 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2016/2017.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2016/2017, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose

neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2016/2017, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2017.

9(433).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, DESESTIMATORIA DA REPOSICIÓN INTERPOSTA POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA A RESOLUCIÓN DE DATA 21 DE FEBREIRO DE 2017, ADOITADA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR IN 635 C 2016/41-4. EXPTE. 34978/444.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/05/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizo Xerais, o letrado da Asesoría Xurídica e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1º.- *Con data do 27 de febreiro pasado, notificouse a esta Administración municipal a resolución do expediente sancionador nº IN 635 C-2016/41-4, sobre incumprimento por este Concello de Vigo das esixencias regulamentarias en materia de seguridade das instalacións eléctricas de alumeadado público do termo municipal de Vigo.*

Na dita resolución sanciónase ao Concello de Vigo cunha multa de 45.000 €, como responsable da comisión dunha infracción administrativa grave tipificada nos artigos 33.3.p) e m) do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de política industrial.

2º.- Contra dita resolución a Xunta de Goberno Local, con data 24 de marzo de 2017, acordou interpoñer recurso de reposición, o cal foi interposto polo Concelleiro Delegado de Fomento Limpeza e Contratación e ven de ser desestimado, por resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria, notificada ao Concello de Vigo o 12 de abril de 2017.

3º.- Que analizada a dita resolución considérase procedente interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a mesma, toda vez que esta, como única fundamentación xurídica da desestimación, se limita a dicir que as alegacións formuladas no recurso de reposición son substancialmente as mesmas que constan á proposta de resolución e que estas foron debidamente contestadas na resolución de 21 de febreiro de 2017, sendo así que no recurso de reposición municipal faise un detido análise das contestacións dadas pola Administración autonómica ás alegacións municipais á proposta de resolución sancionadora e se sinalan os erros e omisións de feito e de dereito que se achacan a resolución impugnada en reposición, en relación coas alegacións municipais feitas á proposta de resolución, sen que estas concretas alegacións obteñan resposta na resolución desestimatoria da reposición, mais alá da afirmación arriba recollida de que as alegacións formuladas no recurso de reposición son as mesmas que constan á proposta de resolución, xa contestadas.

Esta falta de resposta ás alegacións municipais formuladas no recurso de reposición y o fundamento e importancia das mesmas xustifican a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a mesma.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, notificada a esta Administración municipal con data 12 de abril de 2017, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo Concello de Vigo, contra a resolución da mesma consellería, de data 21 de febreiro de 2017, adoitada no expediente sancionador IN 635 C 2016/41-4.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(434).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2017. EXPTE. 6885/335.

Visto o informe xurídico do 26/04/17 e o informe de fiscalización do 05/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/17, asinado polo técnico de xestión, a pola xefa do servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 7 de abril de 2017 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2017.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte grupos de música, danza e

canto tradicionais galegos e cinco grupos de teatro, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais .

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85) no ano 2001. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa “Vente con Nós”.

O importe do programa “Vente con Nós” ascende a 16.910,00 euros, sendo os gastos de coordinación 2.450,00 euros e correspondendo 14.460,00 euros ás corenta e cinco

actuacións de grupos de música, danza e teatro. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2017.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2017.

Na Casa do Concello de Vigo, a *de dous mil dezasete.*

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 6885/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O programa "Vente con Nós" foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase

acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa "Vente con Nós" cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

"Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades";

"Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins";

"Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación."

IV.- No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa "Vente con Nós".

IX.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6885/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento dos programas "Vente con Nós" e "Semana do Teatro afeccionado", que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado, respectivamente, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

a) Participarán 20 grupos artísticos de música e danza tradicional e 5 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 40 (corenta), dúas actuacións por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:

- 10 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.

- 15 actuacións Día Internacional da Danza.

- 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

En canto á Semana de Teatro afeccionado, é de 5 (cinco) actuacións de teatro, unha actuación por entidade.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de música e danza tradicional: Categoría A (17 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (3 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 11.960,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (640,00 euros por grupo, correspondente a dúas actuacións)

Grupo de Baile "Andarela"

Grupo de Baile "Asubío"

Grupo de Baile "Atlántida de Matamá"

Grupo de Baile: C.S.C.R de "Beade"

Grupo de Baile "C.C.R. Cabral"

Grupo de Baile "A.F. Corisco"

Grupo de Baile "CRAC de Coruxo - A Buxaina"

Grupo de Baile "Frores Novas"

Grupo de Baile "Helios de Bembrive"

Grupo de Baile "Lembranzas Galegas"

Grupo de Baile: A.C. "O Coto"

Grupo de Baile: A.F. "Queixumes"

Grupo de Baile "Os ventos de Comesaña"

Grupo de Baile "Traspés"

Grupo de Baile "C.C.A.R. de Valladares"

Grupo de Baile "O Fiadeiro".

Grupo de Baile "A. Monteiro"

CATEGORIA B: (360,00 euros por grupo (correspondente a dúas actuacións))

Grupo de Gaitas "CCA Rueiro de Coia"

Grupo de Gaitas "A.X. de Tempo Libre Vagalume"

Grupo de Gaitas "S.C. Pardavila"

Establécese un importe por actuación dos grupos de teatro de 500,00 euros, sendo o importe total dos grupos de teatro de 2.500,00 euros.

Grupo de Teatro "Tarantela Beade"

Grupo de Teatro "S.C.R. Atlántida de Matamá"

Grupo Teatro Escolitude

Grupo Porta Aberta Teatro.

Grupo de Teatro "Rueiro"

d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 16.910,00 euros, sendo os gastos de coordinación 2.450,00 euros e 14.460,00 euros correspondendo ás corenta actuacións de grupos e ás cinco actuacións de teatro.

O Concello ten previsto unha achega de 13.500,00 euros co cargo á aplicación 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha achega de 3.410,00 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

3º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

4º.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

6º- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel material que edite a propia entidade.*
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.*
- c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.*
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.*
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións*
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.*

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.

2º- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.

Se a data estivese dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello, entendéndose aceptada a actuación. No caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola Agrupación a notificar e acreditar, no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do Concello non será aboada con cargo a este convenio.

3º- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa Agrupación.

5º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2017. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES27.2100.5912.4802.0002.1010, da entidade bancaria La Caixa, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Noveno.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- A beneficiaria, antes da primeira quincena de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitiran simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 16.910,00 euros.”*

Décimo primeiro.- No caso de que a Agrupación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será

comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar a capacidade do recinto onde se celebren.

Vixésimo terceiro.- Tras a correspondente convocatoria pública e prazo de admisión de solicitudes, a organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle ao Servizo de Festas do Concello de Vigo en coordinación coa Agrupación de Centros deportivos e culturais.

As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios de dispoñibilidade da agrupación artística, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a maior diversificación nos ámbitos territoriais e artísticos.

Con carácter xeral quedan excluídas do convenio aquelas actuacións vinculadas á programación de actos de carácter non laico, festas e romarías patronais, así como aquelas actuacións programadas dentro do mesmo ámbito territorial do barrio ou parroquia asociado ao grupo artístico e entidade que o acolle.

Con carácter excepcional, e a proposta da concelleira de Festas e Turismo, poderase autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Vixésimo cuarto.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

11(435).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS”. EXPTE. 3267/443.

Visto o informe de fiscalización do 05/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/05/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo “pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.210.00.04 “Convenio Deputación Plan Asfaltados”.

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 6 de abril de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil EF Ingenieros, S.L.

3. O citado proxecto divídese en tres lotes:

- A empresa EF Ingenieros S.L. presenta borrador do proxecto de “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO CENTRO”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (304.246,34 EUROS) e data xuño de 2016.
- A empresa EF Ingenieros S.L. presenta borrador do proxecto de “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO NORTE”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS ONCE MIL CINCOCENTOS OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (311.508,96 EUROS) e data xuño de 2016.
- A empresa EF Ingenieros S.L. presenta borrador do proxecto de “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO SUR”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (286.389,66 EUROS) e data xuño de 2016.
- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras con data 27 de abril de 2017, informa que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 27 de abril, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola nas rúas que se detallan e comprende as seguintes actuacións:

ÁMBITO	ZONA	RÚA	LONXITUDE (m)	
CENTRO	BOUZAS	COVADONGA	139,06	
		EDUARDO CABELLO	178,82	
	CASTRO	ARINES	145,68	
		COUTO	226,02	
		MARQUÉS DE ALCEDO	605,31	
	PRAZA AMÉRICA	PASTORA	203,39	
	TOTAL (m)			1.498,28

.- Como consecuencia destas actuacións de extensión de firme bituminoso e imprescindible a execución de obras complementarias necesarias como a reposición de espiras, adaptación de rexistros de servizos, sumidoiros a nova rasante, elevación de rasante en

algúns pasos de peóns, pintado de sinalización horizontal e sinalización vertical como elementos mais importantes.

ÁMBITO	PARROQUIA / CENTRO	CAMIÑO/ ESTRADA/ RÚA / AVENIDA	LONXITUDE (m)
RURAL VIGO NORTE	ALCABRE	CRUCEIRO	337,89
		FORTE	195,27
	CASTRELOS	VILOURA	410,24
	SÁRDOMA	MIRAFLORES	978,60
	CANDEÁN	MONTE VIXIADOR	405,60
	TEIS	DONA FERMINA	511,16
	TOTAL (m)		2.838,76

.- Como consecuencia destas actuacións de extensión de firme bituminoso e imprescindible a execución de obras complementarias necesarias como a reposición de espiras, adaptación de rexistros de servizos, sumidoiros a nova rasante, elevación de rasante en algúns pasos de peóns, pintado de sinalización horizontal e sinalización vertical como elementos mais importantes.

ÁMBITO	PARROQUIA	CAMIÑO/ ESTRADA/ RÚA	LONXITUDE (m)
RURAL	CORUXO	VIÑÓ	326,77
	MATAMÁ	BEIRAN	831,81
		ROUPEIRO	823,96
	BEMBRIVE	ARIEIRO	543,73
	ZAMÁNS	MARCOSENDE	825,72
	TOTAL (m)		3.351,99

.- Como consecuencia destas actuacións de extensión de firme bituminoso e imprescindible a execución de obras complementarias necesarias como a reposición de espiras, adaptación de rexistros de servizos, sumidoiros a nova rasante, elevación de rasante en algúns pasos de peóns, pintado de sinalización horizontal e sinalización vertical como elementos mais importantes.

O prazo estimado para a execución das obras de cada un dos lotes descritos descritas de CATRO meses.

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 2 de maio de 2017, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administracions Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de obras de “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS” dividido nos seguintes lotes:

- “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO CENTRO”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (304.246,34 EUROS) e data xuño de 2016.
- “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO NORTE”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS ONCE MIL CINCOCENTOS OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (311.508,96 EUROS) e data xuño de 2016.
- “SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS VIGO SUR”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estellez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (286.389,66 EUROS) e data xuño de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(436).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CO ACORDO DE CESAMENTO DA FUNCIONARIA INTERINA CON NÚM. DE PERSOAL 81906, TÉCNICA MEDIA DE IGUALDADE, COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DA OEP 2010/2011, 2ª FASE. EXPTE. 29661/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 5/05/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE HECHO

Primeiro.- Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 27 de xaneiro de 2011, foi nomeada funcionaria interina ao abeiro do disposto no artigo 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade RD Lex. 5/2015, de 30 de outubro -TREBEP-), como técnica media de Igualdade e con cargo á praza vacante de igual denominación, á aspirante D^a Ana García Barrio, con DNI 35.319.238-R, que obtivo a máxima puntuación (18,88 puntos) no proceso de selección para a provisión con carácter interino, dun/dunha técnico/a medio/a de igualdade.

Segundo.- De conformidade coas propias bases da convocatoria, a condición de funcionaria interina extinguírase automaticamente no momento en que se cubrira definitivamente a praza á que se adscribira a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2010.

Terceiro.- En data 01 de febreiro de 2011, D^a Ana García Barrio, tomou posesión como funcionaria interina e, por Resolución do Concellerío-Delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data, foi adscrita ao Servizo de Igualdade.

Carto.- O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de técnico/a medio/a de igualdade, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011 2ª fase, na súa sesión de 10 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante seleccionada, que superou todas as probas do proceso selectivo: María Mar Soto García.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/11/16.

Quinto.- Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) interpúxose por parte de D^a. Ana García Barrio, recurso de alzada contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo e se acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta de nomeamento como funcionaria para a praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE á aspirante nº 61, D^a. M^a del Mar Soto García. No referido recurso solicita que se estime e se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do acto recorrido, coas consecuencias que se relacionan na súa solicitude. Solicítase igualmente, ó abeiro do Art. 117 da L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento

administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP), “la suspensión de la Ejecución del nombramiento en el proceso selectivo ahora impugnado”.

Sexto.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/02/2017, acordou desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.12.2016 por a agora recorrente contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo correspondente á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 06.02.2017.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 09 de marzo de 2017 adoptou acordo favorable de nomeamento como funcionaria de carreira da aspirante proposta polo órgano de selección.

Séptimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou o acordo do cese da funcionaria interina D^a Ana García Barrio, Técnica Media de Igualdade, como consecuencia da execución da OEP 2010/2011, 2^a fase. Expte: 29661/220.

Oitavo.- O día 21-04-17, D^{ña}. ANA GARCÍA BARRIO, con DNI nº 35319238 R, presentou escrito neste Concello, con nº de rexistro 170058247, no que solicita que se lle indemnice de conformidade co sistema previsto no artigo 56 do Estatuto dos Traballadores para os despidos improcedentes; subsidiariamente de conformidade co sistema previsto no artigo 53.1 b) do citado Estatuto, para os despidos por causas obxectivas e subsidiariamente a súa indemnización polos prexuízos sufridos debido á contratación fraudulenta. (Expte 29661/220)

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación da recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou o acordo do cese da funcionaria interina D^a Ana García Barrio, agora impugnado, presentando o recurso o día 21/04/2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito

no rexistro do órgano competente para resolvelo (21/04/2017), sendo o silencio negativo desestimatorio, segundo o artigo 24 da citada Lei 39/2015.

Segundo.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emíte-se ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro.- Sentado o anterior, procédese a expoñer a motivación xurídica da presente proposta de acordo.

Como consideracións previas, convén recordar que os tipos de empregados públicos se relacionan no TREBEP. Así o artigo 8 do citado corpo legal, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual. O único elemento común entre eles es que todos desempeñan funcións retribuídas na Administración Pública.

Cada tipo de empregado público ten unha regulación diferenciada, que determina diferencias no so na súa forma de acceso, se non tamén no tempo de permanencia posible no posto, nas funcións específicas que vai desenvolver ...

TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE	36087187	21568	3	3	195
VARELA BALLESTEROS, PABLO	36176321	82745	3	2	115
VARELA BORREGUERO, LUCIO CAMILO	36023156	17495	5	2+3	150
VARELA ESTEVEZ, JOSE MANUEL	36130542	81930	1	1	175
VAZQUEZ ARIAS, ROBERTO	76728223	79114	3	1	85
VAZQUEZ GONZALEZ, DOMINGO	36027499	14670	5	1	45
VAZQUEZ IGLESIAS, ANA	36127373	83277	1	1+3	490
VAZQUEZ IGLESIAS, PEDRO MARIA	11904805	21628	4	2+2	130
VAZQUEZ MACEIRAS, SANTIAGO	36086872	61108	1	2+2	410
VAZQUEZ MARTINEZ, MANUEL ANTONI	36064662	18253	5	2+2	110
VAZQUEZ MIGUEZ, JOSE CARLOS	36090145	80575	4	2+2	130
VAZQUEZ PAZO, MODESTO	36063855	77034	4	2	65
VAZQUEZ PAZO, RAMON	35995747	79386	1	2	205
VAZQUEZ PEDRIDO, GUMERSINDO	36051268	15680	3	3	195
VAZQUEZ-NOGUEROL PARAMOS, ROSA	36016448	21210	4	3	105
VEIGA DE SOUSA, JOSE ANTONIO	76992081	81964	4	2+2	130
VEIGA GARCIA, RUBEN	35560806	79044	4	2	65

APELIDOS E NOME	D N I	Nº Per- soal	TRAMO	CLAVES	€
VELOSO PEREZ, MODESTO	76746914	18359	3	2	115
VERDE VIEITEZ, JOSE MANUEL	78738971	79378	3	2	115
VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO	34874839	76476	3	2+2	230
VICENTE RODRIGUEZ, CAROLINA	36080915	22119	2	2+3+3	715
VIDAL CALVAR, M MONTSERRAT	36088692	23797	1	2+2	410
VIDAL MACIA, RAMON	36108901	79108	3	2	115
VIEITES ALEN, JOSE MANUEL	36084888	23350	3	2+2	230
VIEITEZ OITABEN, M JOSE	36084439	21479	3	2+2	230
VIEITEZ OITABEN, NOEMI	36098356	79409	1	3	315
VIGO COBAS, FERNANDO	34256636	23343	3	2	115
VILA ABALDE, ELISEO SILVERIO	36018471	77224	2	3	265
VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSE	36098822	77689	4	2	65
VILA CAMPOS, PABLO	36119483	79121	3	3	195
VILA CAMPOS, ROSA M ^a	36098821	83271	2	2+2	370
VILABOA PEREZ, JOSE FERNANDO	36019660	16231	3	3+3	390
VILABOY FREIRE, M ^a DEL PILAR	32646445	80329	3	2	115
VILLANUEVA GOMEZ, MARIA ROSA	35444661	22510	3	3	195
VILLAR COMESAÑA, JOSE ANTONIO	36066904	21380	4	2+3	170
VILLAR FERNANDEZ, JOSE MANUEL	36097548	79106	3	2+2	230
VILLAR FERREIRO, MARIA JOSE	36018118	61103	3	3	195
VILLAR GONZALEZ, M BEGOÑA	36044028	23805	2	3	265
VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	36085182	77027	3	2	115
VILLAR SALGUEIRO, JAIME	36053456	21031	4	2	65
VILLARES VILA, MODESTA	36084242	22540	1	2	205
VILLAVERDE VILLAVERDE, JOSE MANUEL	36117712	80494	1	1+2	380
VIÑAS HERNANDEZ, SONIA	36159193	61109	1	2	205
VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	36088267	23975	3	2+3	310
SUMA TOTAL					117885

Segundo.- Denegar a concesión de axudas de estudos 2016-2017 ao persoal municipal que se relacionan nos distintos tramos, polos motivos que se especifican para cada un deles:

ALEMPARTE GONZALVO ANTONIO-estudios conxuxe, curso traballador e prácticas filla denegados

ARENAS VILLARROEL SANTIAGO – curso denegado

CAPELO GONZÁLEZ M^a DOLORES – por falta documentación

COLLAZO SAAVEDRA M^a CONCEPCIÓN- non pertence ao cadro de persoal

COMESAÑA SOLLA ANTONIO – denegado por falta documentación

DOMINGUEZ VILA VICENTE – curso denegado

ESTEVEZ BOUZA SILVIA – conxuxe denegado

GALLEGO PARAMOS JOSÉ LUIS – curso denegado

MENDEZ CAMAÑO SOFIA- non pertence ao cadro de persoal

PASCUAL GONZÁLEZ JOSÉ C- non pertence ao cadro de persoal
REIRIZ SÁNCHEZ BERTA- non pertence ao cado de persoal
VEGA PRIETO SUSANA – non pertence ao cadro de persoal
VICENTE RODRIGUEZ ABRAHAM- non pertence ao cadro de persoal

- (1) resto pendente documentación
- (2) descontadas 40€ según acordo xuntanza 09-06-2016
- (3) curso traballador denegado
- (4) fillo denegado máis de 25 anos segundo convocatoria

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(438).- CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2017 DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 29879/220.

Visto o informe de fiscalización do 02/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite á Área de Recursos Humanos e Formación oficio comunicando que en sesión de data 30/03/2017, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas socio-sanitarias 2017, que ascenden a un importe de 275.000 €, destinados a axudas en concepto de gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras), así como a vacina meningococo B.

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

CONDICIONS XERAIS.-

1.- **Ámbito persoal e beneficiarios.**

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 30 de xuño de 2017.

3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarse a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de xullo de 2016 ata 31 de maio de 2017.
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederese unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optrometrista.
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	-	Menos de 27.000 €
TRAMO II	-	De 27.001 € a 30.000 €
TRAMO III	-	De 30.001 € a 38.000 €
TRAMO IV	-	De 38.001 € a 50.000 €
TRAMO V	-	Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do Concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I	-	790 €
TRAMO II	-	585 €
TRAMO III	-	435 €
TRAMO IV	-	320 €
TRAMO V	-	250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social

(expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contéplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total

das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2017, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 430.000,00 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 30/03/2017 e remitida a esta Área de Recursos Humanos e Formación e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas sociosanitarias 2017 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013). O importe máximo destinado a ditas axudas será de 275.000,00€ , con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400 “Fondo Social” do vixente orzamento para o ano 2017.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO CONDICIONS XERAIS.-

1.- *Ámbito persoal e beneficiarios.*

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 30 de xuño de 2017.

3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de xullo de 2016 ata 31 de maio de 2017.*
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- Parellas de feito, documentación acreditativa.*

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima de 100 €), e achegarse coa mesma a valoración optrometrista.*
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.*
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.*
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.*

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requerir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	-	Menos de 27.000 €
TRAMO II	-	De 27.001 € a 30.000 €
TRAMO III	-	De 30.001 € a 38.000 €
TRAMO IV	-	De 38.001 € a 50.000 €
TRAMO V	-	Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do Concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I	-	790 €
TRAMO II	-	585 €
TRAMO III	-	435 €
TRAMO IV	-	320 €
TRAMO V	-	250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

15(439).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA PARA OCUPACIÓN DO SUBSOLO POR OBRAS DE EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS NAS REDES DE SANEAMENTO EN CAMIÑO MOURIÑO, PAPAROXO E SUBIDA RABEXA EN CHAPELA-REDONDELA. EXPTE. 4610/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 5/05/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo Xefe dos Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Con data de entrada no rexistro do Concello 20/03/17 o Concello de Redondela solicita autorización para execución de acometidas de saneamento en Camiño Mourino, Paparoxo e Subida Rabexa en Chapela – Redondela.

Na solicitude se presenta memoria valorada da obra a levar a cabo, redactada polo Enxeñeiro de Minas, D. Jesús Parada Cuiñas da empresa ACIVRO Medio Ambiente, que inclúe:

Memoria.

Planos.

Presupuesto.

No expediente foron emitidos os seguintes informes.

Informe de data 6 de abril da Concesionaria de Xestión de Servizo de abastecemento de augas do Concello de Vigo FCC-Aqualia, favorable á solicitude, nas condicións establecidas no mesmo.

Informe de data 2 de maio o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández e polo Xefe da Área de Fomento D. Álvaro Crespo Casal, tamén favorable no mesmo senso.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A realización das obras solicitadas implican un uso común especial do dominio público, configurándose este como aquel que sin impedir o uso común, supón a concurrencia de circunstancias tales como a peligrosidade o intensidade do mesmo (...) que determinan un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste (artigos 85 LPAP e 75.1.b RBEL)

Segundo.- É regra no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso.

Terceiro.- O artigo 77 de RBEL establece que o uso común especial normal suxetarase a licenza axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e paertura ao uso público e aos proceptos de carácter xeral. En definitiva, a autorización ou licenza demanial para

este tipo de usos se otorga xereralmente de modo discrecional, xa que se trata dun acto que a administración non te a obriga de conceder e “en precario” porque en puridade non otorga ningún dereito subxetivo sendo revocable pola propia administración en calquera momento por razóns de interese público debidamente xustificadas.

Por último, esta autorización non pode otorgarse por tempo indefinido contando cun límite máximo de 99 anos según establece o artigo 79 do RBEL (xa que o apartado 4 do artigo 92 da LPAP que o reduce a 4 anos non ten carácter básico). En todo caso o artigo 91.4 da LPAP establece que as autorizacións e concesións que habiliten para a ocupación de bens de dominio público que sexan necesarios para a execución dun contrato administrativo serán otorgados pola administración que sexa titular e se considerarán accesorias de aquel, polo que estarán vinculadas a dito contrato a efectos do seu outorgamento, duración e vixencia (...).

Cuarto.- No presente caso os terreos onde se pretenden realizar as obras son titularidade do Concello de Vigo, pero están situados no termo municipal de Redondela. Por todo elo no corresponde a este Concello a autorización das obras (licenza ou aprobación do proxecto) xa que tal e como se establece no artigo 12 da LBRL é no termo municipal -neste caso Vigo- onde o Concello exerce as súas competencias. Tan só corresponde a autorización do uso común especial do dominio público.

Quinto.- Competencia.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexilativo 3/2011 de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

III.- PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Autorizar ao Concello de Redondela á ocupación do subsolo para o aproveitamento especial do mesmo, que se delimita nos planos da memoria valorada elaborada para a execución das obras “mellora da rede de saneamento Camiño Mouríño, Paparoxo e Subida Rabexa en Chapela” redactada polo Enxeñeiro de Minas D. Jesús Parada Cuiñas.

Segundo.- A referida autorización concédese baixo as seguintes condicións:

1ª.- As obras deberán executarse axustándose ao establecido na citada memoria valorada e so poderán ocupar a porción de dominio público que figura na mesma.

2ª.- A autorización para a ocupación do subsolo concédese en precario e sen dereito a indemnización no caso de que revocase por calquera razón de interese público; e a súa duración será a mesma da do contrato ao que se vincula sen que poda exceder de 99 anos.

3ª.- Ademais e de conformidade co establecido nos informes técnicos municipais a autorización queda suxeta tamén ás seguintes condicións:

a.- A canalización deberá instalarse preferentemente en parelo ao Canal evitando no posible os cruces, e sempre a unha distancia de seguridade que impida calquer dano no mesmo e permita realizar os traballos de reparación e mantemento. Queda prohibida calquera en paralelo no mesmo plano vertical que o do Canal.

b.- Si fose necesario realizar cruces sobre a xeneratriz exterior do Canal, estos executaranse a unha distancia de seguridade con tubo enterizo, sen unións nin conexións, evi-

tando en todo momento que a maquinaria pesada traballe sobre o Canal. En ningún caso, a tubería poderá cruzar a sección útil do Canal.

c.- Notificarase á concesionaria FCC-Aqualia a data de inicio das obras coa antelación suficiente para que poida efectuar a supervisión das mesmas dende o seu inicio, e aos servizos técnicos da Área de Fomento do Concello de Vigo así como o facultativo Director das obras e o Coordinador de Seguridade e Saúde.

d.- Atenderanse en todo momento, as intrucións e criterios constructivos indicados polo personal da concesionaria FCC-Aqualia durante a execución das obras, no que poidan afectar á condución xeral do abastecemento de Vigo.

e.- O solicitante será responsable dos danos e prexuízos que poidan producir no Canal e nos elementos constructivos da traza con motivos das obras.

f.- Deberanse realizar obras de estanqueidade no colector instalado, entregándose os resultados á concesionaria FCC-Aqualia.

g.- A distancia mínima de separación entre o Canal e as distintas conducións, medidas entre xeneratrices exteriores, será 50cm. para auga e saneamento e de 100cm. Cando sexan en paralelo.

4º.- A presente autorización otorgase sen prexuízo da solicitude e obtención dos demais permisos, autorizacións e licenzas legalmente necesarias para a execución das citadas obras.

O presente acordo notifíquese ao Concello de Redondela, con indicación de que o acordo é definitivo na vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo de un mes a contar do seguinte ao da súa notificación ou impugnaloo directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo ilo, sin prexuízo, no seu cado, de calquera outro recurso que consideren procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(440).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 4/05/17, DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO SECTORIAL DA ORDENANZA DE ADMÓN. ELECTRÓNICA. EXPTE. 152/1102.

Dáse conta da referida resolución, de data 4/05/17, que di o seguinte:

Para asumir os novos retos derivados do novo marco normativo, nomeadamente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), e a expansión das tecnoloxías da información temporalizando a execución das novas obrigas, resultou oportuno un plantexamento de natureza transversal, que permitise deseñar unha estratexia global e garantir o

impulso do proceso de transformación no conxunto da administración do Concello de Vigo. Para iso deseñouse un marco de actuación a través dun plan de transformación integral cos seus correspondentes procesos e sobre a base duns equipos de traballo impulsores do seu desenvolvemento e execución.

En base a estes antecedentes, tomáronse os seguintes acordos:

A Xunta de Goberno Local, en sesións do 04 de novembro de 2016 e do 20 de xaneiro de 2017 acordou constituír, a Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Admon. Municipal do Concello de Vigo integrada por:

1. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns
2. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo
3. A Secretarí do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña
4. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez
5. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area
6. O Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escariz Couso.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de novembro de 2016 aprobou o documento de “Medidas de Implementación das Leis 39/2015 e 40/2015 (Expte.7981/113)”.

Para o adecuado desenvolvemento dos traballos de elaboración e posta en marcha do Plan e garantir a adecuación sectorial dos amplos contidos afectados por Resolúcións do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica de datas 18/11/16 (Rexistro e ENI-ENS) 16/12/16 (Contratación) 27/12/16 (Modificación Rexistro), 08/03/17 (Interoperabilidade), das que se deu conta á Xunta de Goberno Local, reunións do 30/12/16 e 23/03/17, foron constituídos os seguintes Grupos de Traballo Sectorial do Rexistro Electrónico, do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade, de Contratación e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (no ámbito da Política de Xestión Documental).

A constitución do Grupo de Traballo Sectorial ENS e ENI resultaba precisa porque a normativa en vigor, en particular ás citadas LPAC e LRJSP contemplan a necesidade de adaptación ao ENS a través de diferentes instrumentos, entre outros, no rexistro electrónico, no arquivo electrónico, validez e eficacia das copias realizadas pola administración, transmisión de datos entre AA PP ou transferencia tecnolóxica no sector público, entre outros aspectos. Desta nova regulación despréndese a importancia que ten, para o desenvolvemento do procedemento administrativo así como para a obrigada relación con outras administracións, a implantación do ENS e do ENI, sendo necesario, para dar debido cumprimento ás prescricións establecidas abordar unha serie de accións que aconsellan a constitución dun Grupo de Traballo sectorial para a implantación do Esquema Nacional de Seguridade. Por outra banda, ademais das obrigas de difusión, contidas nas medidas de interoperabilidade, organizativa e semántica do ENI, é necesario a constante adaptación dos sistemas

proprios do Concello de Vigo para poder cumprir coa interoperabilidade técnica que obriga á asunción dos estándares e á constante adaptación ás normas técnicas de interoperabilidade, a dita adaptación dos sistemas lévase a termo por parte do Servizo de Administración Electrónica.

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 16 de marzo do ano 2017 procedeuse á aprobación da "Normativa Técnica do ENS".(Expte. 8109/113), e rematados os seus traballos para dar paso ao papel do Comité de Seguridade, por Resolución do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 21/04/2017 acordouse declarar concluídos os traballos encomendados ao Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, por ter cumprido coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo nesta materia asignadas por Resolución desta Concellería de data 18 de novembro de 2016, como resulta dos acordos da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2016 e de 16 de marzo de 2017, e, en consecuencia, resultar procedente a súa disolución.

Considerando a potestade normativa atribuída ao Pleno da Corporación na atribución de competencias recollida na LRBRL, na tramitación do expediente 88/1102, solicitouse informe ao Secretario do Pleno sobre o procedemento de aprobación da Ordenanza de Administración Electrónica, informe emitido en data 17/01/17 e ditouse por esta Concellería Resolución de data 23/02/2017 encomendando ao Secretario Xeral do Pleno a instrución do expediente para a aprobación do Plan Anual Normativo, nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de marzo de 2017, adoptouse acordo de apertura do trámite de consulta pública para a aprobación da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, e segundo se recolle en Informe do Xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 26 de abril de 2017, no dito período de consulta pública non se recolleron aportacións ao procedemento limitándose á solicitude do texto da ordenanza, non dispoñible na actualidade por non se tratar do momento procedimental oportuno.

Nesa liña, a evolución dos traballos do Plan de Transformación Integral e dos distintos Grupos de Traballo Sectoriais constituídos, aconsella dar un paso máis e proceder á redacción dun texto para aprobación da Ordenanza de Administración Electrónica, constituíndo a tal fin un Grupo de Traballo, de composición multidisciplinar que, seguindo a proposta da Comisión, integre tanto aos servizos centrais como aos servizos especializados que permitan abordar o conxunto da regulación.

Polo exposto, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, en execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

Primeiro.- Constituír o Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Electrónica coa finalidade de definir e propor o novo marco normativo, axustado ás peculiaridades organizativas e de funcionamento do Concello de Vigo, mediante a redacción dun texto para tramitación e, no seu caso, aprobación dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo nesta materia.

Segundo.- Dada a variedade de servizos afectados, e a transversalidade das materias a abordar co fío da administración electrónica, a composición deste grupo esixe a integración de servizos centrais e servizos especializados que permitan abordar o conxunto da regulación e a tal efecto, se integrarán no mesmo os seguintes empregados públicos municipais:

- D. JAVIER ALBERTOS BENAYAS, Técnico responsable estudos e programación, Admon. Electrónica
- D^a PILAR ALONSO CACHEIRO, Adxunta-Xefe Admon. Electrónica
- D. MIGUEL AMOR RÍO, Programador Informática. Admon. Electrónica.
- D^a BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ, Xefa do servizo de Contratación
- D^a DOLORES ESPIÑO COLLAZO, Xefa área de Réxime Interior.
- D^a SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ, Letrada-Xefe servizo de Asesoramento, Asesoría Xurídica
- D^a OLGA GÓMEZ CORBAL, Interventora adxunta.
- D. LUIS IGLESIAS REJAS, Programador de Sistemas do servizo municipal de Admon. Electrónica.
- D. PABLO OLMOS PITA, Letrado-especialista orde Soc., Civil, Contencioso e Mercantil da Asesoría Xurídica.
- D. SECUNDINO OTERO FAÍLDE, Xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.
- D^a CAROLINA PÉREZ AGUILERA, Xefa do Arquivo da XMU
- D. PABLO SEVILLA VALCÁRCEL, Técnico responsable de Admon. Electrónica da XMU
- D. RAÚL VILA RODRÍGUEZ, Técnico xestión.

O GT estará asistido no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, cuxos membros participarán activamente nos traballos a desenvolver.

Terceiro.- Para o desenvolvemento das funcións encomendadas, o Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Pública contará coa colaboración de todos os Servizos e Áreas municipais, en canto sexan requiridos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, aos membros do Grupo de traballo sectorial constituído, e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(441).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez